

O predicado verbal. Os complementos

LEMBRA

O **predicado verbal** está formado por un verbo predicativo que funciona como núcleo e por uns complementos.

O **complemento directo (CD)** designa o ser ou o obxecto sobre o que recae a acción do verbo.

O **complemento indirecto (CI)** nomea o destinatario da acción que indica o verbo mais o complemento directo.

O **complemento circunstancial (CC)** expresa as circunstancias en que se desenvolve a acción verbal: o tempo, o lugar, o modo, a cantidade...

1 Subliña o predicado destas oracións e arrodea o núcleo.

- A miña curmá Lucía deixoume un libro moi interesante.
- Mañá á tarde chegarán os meus amigos do Porto.
- As irmás de Xoán estudan música no conservatorio.
- Xa murcharon as flores do xerro da entrada.



2 Escribe debaixo de cada grupo de que tipo de complemento se trata: CD, CI ou CC.

- Hoxe temos moito traballo.



- Deixa o ordenador na mesa, Roi.



- Mar atopou a revista no caixón.



- Uxío deulle o billete ao revisor.



- Elas saíron do cine ás dez.



- Resolveu o problema con calma.



3 Subliña o CD e substitúeo polo pronome átono correspondente.

- Compartiu con Alba o almorzo. ► Compartiuno con Alba.
- Eu non collín as túas chaves. ► Eu non as collín.
- Marta mercou os pasteis. ► Marta mercounos.
- Apura ou perderás o autobús! ► Apura ou perderalo.
- Xa teño a entrada para o concerto! ► Xa a teño.

4 Engádelle a cada oración un CI. Fíxate no exemplo. **R. M.**

- Iria envioulles unha postal. ▶ Iria envioulles a seus pais unha postal.
- Xa lles deches a merenda? ▶ Xa lles deches a merenda aos nenos?
- A avoa fíxolle un xersei. ▶ A avoa fíxolle un xersei a Xoana.
- Díxenlles que viñesen. ▶ Díxenlles a teus irmáns que viñesen.

5 Escribe unha oración cun CD e cun CC para cada imaxe. **R. M.**



- 1 Mariña sacou con moito coidado unha fotografía.
- 2 Antón pasea o can pola beira do río.
- 3 O home mercou o xornal hoxe.
- 4 O neno colle unha mazá do froiteiro.

6 Subliña os complementos circunstanciais de cada oración e indica que tipo de circunstancia expresan: tempo, lugar, modo ou cantidade.

- O mensaxeiro chegou á oficina ás nove. ▶ lugar _____, tempo _____
- Antón pasea cada tarde pola praia. ▶ tempo _____, lugar _____
- Os obreiros traballan moito e sen parar. ▶ cantidade _____, modo _____
- En toda a noite choveu unha barbaridade. ▶ tempo _____, cantidade _____
- Miguel desprázase sempre en bicicleta. ▶ tempo _____, modo _____